

**ACTA DA MESA DE CONTRATACION DE SERVIZO DE "TRANSPORTE E BALDEIRADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DO PUNTO LIMPO PARA APERTURA DE SOBRE "B" - PROPOSTA ECONÓMICA..**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas e trinta minutos do 10 de setembro de 2012, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a Irene Suárez López, o concelleiro de Limpeza D. Manuel González Vázquez e o técnico municipal D. José M^a Melero González, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

Con data 5 de setembro 2012 se procede pola Mesa de Contratación á apertura do sobre A) "Documentación Administrativa" da única empresa presentada "González Couceiro, S.L.U.", con enderezo en Polígono Industrial "As Gándaras", parcela 8B, cp 36400 O Porriño. Revisada a documentación presentada pola mesma, acórdase admitila por reunir os requisitos establecidos nos pregos de condicións que rexen a contratación.

O orzamento de licitación do contrato se establece:

RESIDUO	Porte €/Unidad	Prezo Verquido €/Unidad
TRANSPORTE DE CONTEADOR DE BASURA	179,83 €	49,81 €/Tm
TRANSPORTE DE CONTEADOR DE "ENSERES VOLUMINOSOS"	179,83€	49,81 €/Tm
TRANSPORTE DE CONTEADOR DE "CHATARRA"	63,47€	Sen cargo
TRANSPORTE DE MADEIRA LIMPA	105,78€	Sen cargo
TRANSPORTE DE MADEIRA SUCIA	105,78€	Sen cargo
TRANSPORTE DE COLCHONES	179,83€	49,81 €/Tm
TRANSPORTE DE VEXETAIS	179,83€	49,81 €/Tm
TRANSPORTE DE "ESCOMBRO LIMPO"	9,66€/m ³	12,00 €/m ³
VERQUIDO DE "ESCOMBRO SUXO"	9,66€/m ³	18,00 €/m ³
TRANSPORTE DE RESIDUOS PERIGOSOS:		
TRANSPORTE PALET DE PANTALLAS TV	100,05€	556,20 €/Tm
TRANSPORTE PALET DE FLUERESCENTES	100,05€	1.380,00 €/Tm
TRANSPORTE PALET DE PINTURAS	100,05€	640,00 €/Tm

Orzamento base: 31.481,48€ na anualidade; 62.962,96€ nos dous anos de contrato

O criterio de adxudicación, de conformidade coa cláusula 13 do prego de condicións administrativas, **será a baixa no prezo**, ata un máximo de 10 puntos. *Consistirá na oferta dunha porcentaxe de baixa única a aplicar a tódolos portes unitarios e prezos de vertido. Obterá a máxima (10 puntos) aquel licitador que oferta unha porcentaxe de baixa maior.*

Acto seguido, procédese pola Presidencia á apertura da única proposta económica presentada pola empresa "González Couceiro, S.L.U.", que ofrece :

"(...) Unha porcentaxe de baixa do 4% en tódolos porte se prezos de verquidos dos distintos residuos, que indican a táboa que se transcribe a continuación:

RESIDUO	Porte €/ Unidad	Tratamento €/ Tm-m3
Transporte contedor de lixo	172,63	47,81
Transporte contedor "voluminosos"	172,63	47,81
Transporte contedor de "chatarra"	60,93	Sen cargo
Transporte de madeira limpa	101,55	Sen cargo
Transporte de madeiras sucia	101,55	Sen cargo
Transporte de colchones	172,63	47,81
Transporte de vexetais	172,63	47,81
Transporte de escombro limpo	9,27	11,52

Trasnorte de escombros suxos	9,27	17,28
Trasnorte palet pantallas TV	96,05	533,95
Transporte palet fluorescentes	96,05	1324,8
Transporte de pinturas	96,05	614,4

Se indica polo licitador na proposta económica, que o importe será ata un máximo anual de 34.000,00€, IVE incluído. (...)"

De seguido se emite informe-valoración polo técnico municipal e a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda propoñer á empresa "**GONZALEZ COUCEIRO, SL**", CIF B36179299, con enderezo en Polígono Industrial As Gándaras, Parcela nº 8, Portal B, cp 36400 O Porriño, como adxudicatario do contrato, por ser a proposta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELEIRO DE LIMPEZA

O TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo: Manuel González Vázquez.

Asdo: José M^a Melero González